

DOMINGO II DE PASCUA (A)

PRIMEIRA LECTURA Feit 2, 42-47

Lectura do libro dos Feitos dos Apóstolos

Os irmáns eran perseverantes en escoita-la ensinanza dos apóstolos, na comunión da vida, no rito de partiren o pan, e nas oracións. Apoderouse de todos o respecto, pois os apóstolos facían moitas marabillas e sinais. Tódolos crentes vivían unidos e tiñan todo en común: vendían os seus bens e propiedades, e repartíanos entre eles, conforme as necesidades de cada un. Todos a unha asistían diariamente ó templo, partían o pan nas casas, comendo con alegría e sinxeleza de corazón; loaban a Deus, e eran ben vistos por todo o pobo. Cada día o Señor aumentaba o número dos salvos e xuntábaos ó grupo.

SALMO RESPONSORIAL Sal 117, 2-4. 13-15. 22-24

R/. (1): Loade o Señor, porque é bo, porque é para sempre a súa misericordia.

Ou: Aleluia.

Que o diga a casa de Israel:
é para sempre a súa misericordia.

Que o diga a casa de Aharón:
é para sempre a súa misericordia.

Que o digan os que temen o Señor:
é para sempre a súa misericordia.

Empurraban e empurraban para tirarme,
pero o Señor axudoume.

A miña forza e o meu cántico é o Señor,
El é a miña salvación.

Hai un clamor de gozo e de victoria
nas tendas dos xustos:
a destra do Señor fixo proezas.

A pedra que os canteiros desbotaron,
esa mesma, converteuse en esquinal.

Foi o Señor quen o fixo,
unha marabilla á nosa vista.

Este é o día no que o Señor actuou:
alegrémonos nel e relouquemos.

SEGUNDA LECTURA 1 Pe 1, 3-9

Lectura da primeira carta do Apóstolo san Pedro

¡Loado sexa o Deus e Pai do noso Señor Xesús Cristo! Que pola súa grande compaixón, resucitou a Xesús Cristo da morte e nos fixo renacer a unha vida que se nos dá en esperanza, a unha herdanza que non se corrompe nin afea, nin murcha, predestinada por Deus para vós; gracias á fe que vós tedes, estades protexidos polo poder de Deus con vistas á salvación que está para se manifestar, no intre final. Por iso brincades de alegría, anque agora, se fai falta, teñades que sufrir por un pouco tempo diferentes probas. Deste xeito, o xenuíno da vosa fe ten máis valía có ouro -que, a pesar de ser pasadío, aquilata no lume- e considérase merecente de loanza, gloria e honra cando se revele Xesús Cristo. A quen amades sen o ter visto; en quen credes, aínda sen o ver; e brincades, cheos dunha alegría indicible e gloriosa, porque conseguíste-lo froito da vosa fe, a vosa salvación persoal.

EVANXEO Xn 20, 19-31

Lectura do santo evanxeo segundo Xoán

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolles: - Paz convosco. Dito isto, mostroulle-las mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez: - Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

E dito isto alentou sobre eles e díxolles: - Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoéde-los pecados, quedaranlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaranlles retidos.

Pero Tomé, un dos Doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús. Dicíanlle entón os outros discípulos: - Vímolo Señor. Pero el contestoulles: - Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non crerei.

Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo: - Paz convosco.

Despois díxolle a Tomé: - Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe. Tomé respondeulle: - ¡Meu Señor e meu Deus! Xesús díxolle: - ¿Tes fe porque me viches? ¡Benia os que creron sen veren!

Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus, e, crendo, teñades vida nel.